| Morfosintaxe | |
|---|---|
| 1 | **Os verbos que significan "ensinar" levan en grego ...**<br>☐ A) Acusativo<br>☐ B) Acusativo e dativo<br>☐ C) Acusativo e xenitivo<br>☐ D) Dobre acusativo |
| 2 | **O xenitivo funciona como ...**<br>☐ A) Complemento dun nome<br>☐ B) Complemento dun nome ou dun adxectivo<br>☐ C) Complemento dun nome, dun adxectivo ou dun verbo<br>☐ D) Complemento dun nome, dun adxectivo, dun verbo ou como complemento circunstancial |
| 3 | **A preposición διά rexe ...**<br>☐ A) Acusativo<br>☐ B) Xenitivo<br>☐ C) Acusativo e xenitivo<br>☐ D) Acusativo, xenitivo e dativo |
| 4 | **A preposición μετά significa "entre" cando vai con ...**<br>☐ A) Acusativo<br>☐ B) Xenitivo<br>☐ C) Dativo<br>☐ D) Nunca |
| 5 | **O complemento axente exprésase en grego coa preposición ...**<br>☐ A) διά<br>☐ B) ἀπό<br>☐ C) ὑπέρ<br>☐ D) ὑπό |

| | |
|---|---|
| 6 | **O sintagma Ὁ φόβος τῶν πολεμίων débese traducir ...**<br>☐ A) O medo dos inimigos<br>☐ B) O medo aos inimigos<br>☐ C) De calquera das dúas formas anteriores, segundo o contexto<br>☐ D) Os inimigos teñen medo |
| 7 | A frase **Τῶν δ' ἄλλων ἕκαστος ἀποφαίνεσθαι δίκαιός ἐστι τὴν ἑαυτοῦ γνώμην** tradúcese<br>☐ A) Cada un dos outros é xusto para mostrar a súa opinión<br>☐ B) É xusto que cada un mostre a opinión dos outros<br>☐ C) Cada un pode mostrar a opinión xusta dos outros<br>☐ D) É xusto que cada un dos demais mostre a súa propia opinión |
| 8 | A frase **Περσεὺς δὲ Μεγαπένθην πείθει οἷ τὴν ἀρχὴν ἀντιδοῦναι** tradúcese<br>☐ A) Perseo convence a Megapentes para cambiar eles e monarquía<br>☐ B) Perseo convence a Megapentes cambiándolle a monarquía<br>☐ C) Perseo convence a Megapentes de que lle cambie o poder<br>☐ D) Perseo pídelle a Megapentes o cambio da monarquía |
| 9 | A frase Οὗτος ὑπὸ τῶν πολιτῶν χρυσοῖς στεφάνοις ἐτιμήθη tradúcese<br>☐ A) Ese honrou aos cidadáns con coroas de ouro<br>☐ B) Ese foi honrado coas coroas de ouro dos cidadáns<br>☐ C) Ese foi honrado polas coroas de ouro dos cidadáns<br>☐ D) Ese foi honrado polos cidadáns con coroas de ouro |
| 10 | A frase<br>Σκάψαντες σπήλαιον μέγιστον ἐν τούτῳ ἐμείναμεν ἡμέρας τριάκοντα tradúcese<br>☐ A) Buscando unha cova grande, permaneciamos nela trinta días<br>☐ B) Cavando unha cova grande, permaneciamos nela trinta días<br>☐ C) Buscando unha cova moi grande, permanecemos nela trinta días<br>☐ D) Cavando unha cova moi grande, permanecemos nela trinta días |
| 11 | A frase<br>Νηλεὺς παῖδας ἐγέννησε δώδεκα, ὧν ἦν νεώτατος Νέστωρ tradúcese<br>☐ A) Neleo tivo doce fillos, sendo o máis novo Néstor<br>☐ B) Neleo tivo doce fillos, dos que o máis novo era Néstor<br>☐ C) Dos doce fillos que tivo Néstor, Neleo era o máis novo<br>☐ D) O máis novo dos fillos que tiña Neleo foi Néstor |

| | |
|---|---|
| 12 | A frase<br>Οἱ ἄρχοντες ἐπιμελοῦνται ὅπως ἡ πόλις ὡς βελτίστη ἔσται<br>tradúcese<br>☐ A) Os gobernantes traballan para que a cidade sexa mellor<br>☐ B) Os gobernantes procuran que a cidade sexa mellor<br>☐ C) Os gobernantes procuran que a cidade sexa do mellor<br>☐ D) Os gobernantes procuran que a cidade sexa a mellor |

**Legado**

| | |
|---|---|
| 13 | **A deusa relacionada coa caza é ...**<br>☐ A) Afrodita<br>☐ B) Atenea<br>☐ C) Ártemis<br>☐ D) Hera |
| 14 | **Que deus non ten templo?**<br>☐ A) Posidón<br>☐ B) Apolo<br>☐ C) Hefesto<br>☐ D) Dioniso |
| 15 | **O dativo que expresa a persoa que ten algunha cousa á súa disposición é o dativo ...**<br>☐ A) Ético<br>☐ B) Posesivo<br>☐ C) De interese<br>☐ D) Axente |
| 16 | **"Ídolo" significa etimoloxicamente ...**<br>☐ A) Heroe<br>☐ B) Mítico<br>☐ C) Tipo<br>☐ D) Imaxe |
| 17 | **O Dereito en Atenas, dende Solón, foi ...**<br>☐ A) Público<br>☐ B) Privado<br>☐ C) Consuetudinario<br>☐ D) Codificado |
| 18 | **O sistema xudicial ateniense constaba de ...**<br>☐ A) Tribunais do civil<br>☐ B) Tribunais do penal<br>☐ C) Tribunais políticos<br>☐ D) Tribunais do criminal e tribunal da Heliea ou Xurado popular |
| 19 | **Os tipos de causas xudiciais en Atenas eran:**<br>☐ A) Acusación de delitos políticos<br>☐ B) Acusación de delitos económicos<br>☐ C) Acusación de terrorismo<br>☐ D) Acusación pública (γραφή) e acusacións privadas (δίκαι) |

| | |
|---|---|
| 20 | **A organización xudicial de Esparta constaba de:**<br>☐ A) Procesos públicos<br>☐ B) Procesos privados<br>☐ C) Sistema **arbitral** para procesos civís e **eforal** para procesos criminais<br>☐ D) Procesos por delictos de sangue e procesos menos graves |

**=> Nota** : Cada ítem correcto = 0,50 punto